



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Programación da materia
HARMONÍA
3ºe 4º Cursos Grao Profesional
Curso 2020-2021

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1



Docentes: Fernando Buide del Real
Hugo Paradela Macía





Índice

Introdución.....	3
1. Metodoloxía.....	4
2. Atención á diversidade.....	9
3. Temas transversais.....	11
3.1 Educación en valores.....	11
3.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s).....	12
4. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	14
5. Secuenciación dos cursos 3º e 4º de Harmonía.....	14
5.1 Obxectivos.....	14
5.2 Contidos.....	20
5.3 Avaliación.....	28
5.3.1 Criterios de avaliación.....	28
5.3.2 Mínimos esixibles para aprobar o curso (FAI FALLA ESTABLECELOS POR TRIMESTRES).....	30
5.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación.....	32
5.3.4 Criterios de cualificación.....	33
5.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	35
5.4 Medidas de recuperación.....	35
5.5 Recursos didácticos.....	36
6. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	38
7. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	38
8. Anexos.....	38
8.1 Probas de acceso 1º de grao profesional.....	38
8.2 Probas de acceso a outros cursos.....	38
8.3 Situacións previstas para o curso 2020/21.....	39
8.3.1 Adaptación a unha posible situación de ensinanza semipresencial.....	39
8.3.2 Adaptación a unha posible ensinanza non presencial.....	39
8.3.3 Plan de reforzo e recuperación.....	39





Introdución

Contextualización

A presente programación de Harmonía de 3º e 4º de Grao Profesional está fundamentada no Decreto 203/2007 do 27 de setembro.

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela sitúase na cidade dende o ano 2004, cando foi construído. Depende da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, e nel impártense as materias de Grao Elemental e Grao Profesional segundo a regulación vixente dentro do marco das ensinanzas de réxime especial de música.

As familias dos alumnos que realizan estudos no centro presentan moita heteroxeneidade sociocultural; maioritariamente proceden da cidade e da contorna máis próxima, e entenden os estudos musicais como complementarios con respecto aos seus outros estudos. Pero tamén hai presenza de alumnos da contorna máis afastada, que se desprazan para vir ao centro, e que moitas veces enfocan seus estudos musicais especificamente a conseguir unha titulación profesional, ás veces enfocada a emprender estudos superiores de música. Tamén se constata a presenza de estudantes da Universidade de Santiago que buscan no Conservatorio finalizar os seus estudos profesionais de música iniciados en outros centros. Todo isto provoca un certo grao de heteroxeneidade no alumnado do Conservatorio. Isto afecta especialmente ao presente Departamento de Fundamentos, pois súas materias impártense na etapa final do Grao Profesional, dende 3º ata 6º, período que coincide co paso dos estudos da ESO aos de Bacharelato e Universidade.

Neste contexto, o Conservatorio pretende responder ás necesidades formativas da cidade e da contorna de xeito aberto e integrador, contribuíndo á formación musical e artística integral do alumnado, axudando a que desenvolva súa capacidade crítica e súa autonomía persoal, que lle poidan prepara para posibles estudos posteriores.





Efectos da situación excepcional sobrevida no curso anterior pola covid-19

No curso pasado 2019-20 o desenvolvemento da actividade docente viuse afectado polo estado de alarma consecuencia do andazo provocado pola covid-19. Durante o 3º trimestre suspendéronse as actividades lectivas presenciais, e seguindo as instrucións recibidas, desenvolvéronse actividades telemáticas de repaso, recuperación ou reforzo da parte da materia xa impartida no período presencial. Por esta razón, na materia de Harmonía a parte da docencia correspondente ao 3º trimestre non se puido desenvolver de maneira axeitada. Isto trae como consecuencia que a materia de Harmonía de 4º do presente curso 2020-21 retome os obxectivos e contidos do 3º trimestre de Harmonía de 3º do ano pasado. Pola súa banda, na materia de Análise de 5º curso plantéxase incorporar os contidos non estudados no 3º trimestre de Harmonía 4º.

A materia de Harmonía

Súa importancia radica no feito de que considérase imprescindible para a completa formación do alumno como intérprete, xa que o dotará das ferramentas harmónicas e formais necesarias para a comprensión do seu repertorio, de xeito que poida desenvolver diferentes modos de achegamento ás obras que interpreta. Asemade, o estudo da harmonía favorece unha educación auditiva máis completa, complementando deste xeito o desenvolvemento auditivo experimentado durante o estudo da materia de Linguaxe musical. No caso dos alumnos de instrumentos polifónicos, o estudo da Harmonía desenvolverá a súa capacidade de repentización, xa que esta práctica se basea en moitos casos na intuición harmónica.

1. Metodoloxía

No deseño das estratexias metodolóxicas non é posible atopar un modelo universal aplicable a todos os profesores e a todas as realidades educativas. A formulación de orientacións metodolóxicas debe facerse tendo en conta a súa flexibilidade á hora de levalos á práctica. En realidade todas elas son compatibles entre si, e a súa aplicación





dependerá das características especiais dos distintos contidos a tratar, e das particularidades de cada alumno.

Principios metodolóxicos da Programación Didáctica

Os principios metodolóxicos que se recollen con carácter xeral nesta programación, serán aplicados en función de diversas variables como son: os obxectivos e contidos didácticos abordados en cada unidade, o tipo de actividade didáctica que se propicia, o tipo de alumno co que se aplicarán, adaptándose sempre ás súas necesidades específicas, etc. A continuación coméntanse brevemente os principios metodolóxicos máis relevantes que se terán en conta no desenvolvemento da actividade docente. No momento de aplicar estas liñas metodolóxicas, teranse en conta os criterios para a atención á diversidade, xa que cada alumno vai necesitar unha orientación adecuada ás súas características.

Partir dos coñecementos previos

O ensino ten que partir da realidade dos alumnos, dos seus coñecementos previos e o seu desenvolvemento evolutivo, segundo as etapas de maduración mental nas que se atopan. Disto depende o que non existan disfuncións nos procesos de ensino aprendizaxe. Non é o profesor, coa súa propia metodoloxía, senón o alumno o que se sitúa no centro do programa educativo. É en función das súas necesidades e capacidades que se organiza todo o proceso de ensino aprendizaxe. O modelo da tabula rasa aristotélico, segundo o cal o alumno carece de coñecementos e experiencia previos e que é misión do profesor o inculcárrellos, deu paso aos sistemas baseados na aprendizaxe significativa e progresivo. O control deste nivel previo do alumno debe partir dunha avaliación inicial. Pero é necesario facer un seguimento continuo destinado a determinar aqueles contidos que non foron consolidados, ou o fixeron incorrectamente. Deste xeito poderemos decidir que aspectos formativos debemos modificar ou reforzar.





Favorecer a motivación do alumnado

O reforzo da motivación considérase fundamental para obter o máximo nivel de implicación do alumno na súa aprendizaxe. A motivación é capaz de explicar cara a onde diriximos as nosas accións e a enerxía coa que nos empregamos na realización dunha actividade. Desexar facer algo, fai posible a súa aprendizaxe. Ao mesmo tempo, se logramos que a aprendizaxe resulte pracenteiro, tamén redundará na eficacia desta aprendizaxe. Aínda que moitos dos factores que afectan ao grado de motivación dos alumnos son alleos á nosa capacidade de influencia, existen moitos outros de tipo intrínseco sobre os que si podemos intervir.

Algúns dos factores que debemos ter en conta para desenvolver a motivación no alumno son:

- a. Establecer metas que se correspondan coas capacidades reais do alumno, aínda que con suficiente grado de novidade/dificultade como para estimular a súa curiosidade.
- b. As explicacións verbais han de transmitir con claridade o que queremos obter. Hai que descartar o uso de tópicos baleiros, xa que o alumno debe de ter abofé que é o que esperamos que realice.
- c. Estimular o reto da auto superación, orientando a motivación cara a factores internos (orientada ao logro dun fin musical) antes que externos (premios, prestixio, éxito, etc.).
- d. Desenvolver o pracer do proceso práctico da música.
- e. Ofrecer frecuentemente información achega do que o alumno realiza, utilizando reforzos positivos e negativos en función de cada situación.
- f. escoitar, ofrecendo exemplos e modelos do que se pretende obter.
- g. Axudar ao alumno a desenvolver imaxes estéticas.
- h. Fomentar a participación nas clases.

Estimular a creatividade a través do ensino da harmonía

Unha actitude creativa trata de atopar solucións concretas e eficaces a cada situación sen ter que acudir necesariamente a fórmulas harmónicas recibidas e memorizadas de





antemán. Como punto de partida debemos de evitar calquera tipo de dogmatización nas nosas explicacións e consignas verbais. No mundo da música, e en particular na harmonía, aínda que organizada sistematicamente pola lóxica orde didáctico, as respostas non son únicas e a miúdo a opción menos convencional ou lóxica é a que mellor resultado dá.

É certo que hai alumnos máis predispostos que outros para a creatividade, aínda que no noso labor pedagóxica podemos provocar situacións e seguir estratexias que estimulen a creatividade. É necesario utilizar a imaxinación, interiorizando o fenómeno sonoro e conectándoo con outras experiencias de tipo multisensorial. Un medio eficaz é pedir aos alumnos que xeren e discutan metáforas, intentando trasladalas ao papel pautado en función de imaxes e procesos psicolóxicos utilizados polos compositores cuxos estilos pretender+se tomar como referencia. Finalmente é necesario interrogar ao alumno achega de como cre el que afecta este pensamento creativo sobre a súa propia elaboración práctica. Tomar a clase con creatividade estimula o desenvolvemento da imaxinación creadora, da autoestima e da capacidade de integración de todos os aspectos implicados na experiencia musical.

Desenvolvemento do oído musical a través da elaboración dos exercicios harmónicos

O adestramento do oído no estudante de harmonía durante a elaboración escrita dos seus exercicios non pode limitarse á corrección de fallos de elaboración, das chamadas “regulas”. A atención dirixírase ademais ao equilibrio formal, elaboración melódica e de tensións en función do período estético a imitar, a compensación dos ciclos funcionais, a creatividade nas diversas posibilidades de elaboración e, en definitiva, á conexión da expresión musical coa realización técnica. Desde este momento hai que desenvolver unha escritura observadora e crítica, apoiada na responsabilidade, o esforzo e o afán de obter o máximo de si mesmo, como condicións fundamentais para o progreso na aprendizaxe.

Débese fomentar a realización de aprendizaxes significativas por parte do propio alumno, mediante un proceso de aprender a aprender, isto é, saber utilizar por se mesmo os coñecementos apresos. Débese propiciar o desenvolvemento dunha intensa actividade





(cognitiva) por parte do alumno, establecendo relacións entre o novo contido e os esquemas de coñecemento xa existentes, e ademais, distinguindo entre o que é capaz de facer e aprender por si só, e o que é capaz de facer e aprender con axuda.

Conectar os elementos da técnica compositiva coa creatividade persoal

A atención aos problemas e procedementos técnicos compositivos só pode entenderse separada da intención expresiva se se fai con fins de análises ou pola necesidade dun adestramento específico dalgún dos seus aspectos. No entanto é necesario integrar ambos extremos, transformando as simples accións mecánicas, o que se entende tradicionalmente por “regras” en movementos significativos, en relación ao fin musical que se pretende conseguir. Deste xeito conseguírase unificar intencións e procedementos nunha unidade de acción que pode ser asumida como propia polo alumno.

Estimular a actitude analítica para a comprensión global da obra musical.

A capacidade cognitiva do alumno de 3º curso de grado medio permítelle o recoñecemento e análise por separado de cada un dos elementos básicos do fenómeno musical: sonoridade, harmonía, ritmo, etc. Desde este momento é necesario orientar o estudio desde unha actitude analítica, tratando de relacionar os diversos exercicios co fenómeno musical que encerran, de acordo ao estilo que representan.

A actividade

Un método activo caracterízase pola formulación inicial que as cousas ensínanse facéndoas. A actividade supón a posta en marcha dunha serie complexa de variables que, debido ao talante da materia, poden ser corporais, intelectuais, espirituais, afectivas, sociais e interpretativas. Xa que logo, e considerando a idade do alumnado, partiremos dos contidos procedimentais, incidindo nas actitudes, con vistas a que comprendan os conceptos impartidos.

A unidade de teoría e practica

A súa tradicional separación non facilita a fixación do aprendido no proceso de ensino-aprendizaxe. Para mesturar a práctica e a teoría a través da actividade, é necesario un principio de intervención educativa baseado na investigación persoal, por parte da





docencia, e dos discentes de forma individual e grupal. No proceso de aprendizaxe, o alumnado deberá expresar as súas propias ideas, opinións e valoracións no marco dunha formulación analítico que obrigue a unha síntese e un debate aberto sobre elas, con vistas ao desenvolvemento da súa capacidade reflexiva, o sentido crítico e a capacidade analítica.

A interdisciplinabilidade

A relación con outras materias é máis que destacada, o cal dota á programación dun enfoque amplo, aproveitando os numerosos puntos de contacto co currículo das outras materias.

A globalización

O ensino da harmonía é progresiva e os seus coñecementos acumulativos, polo que dalgunha forma todos interrelaciónanse entre si. Os contidos e a organización das unidades didácticas foron elaboradas buscando a continuidade de cada unha delas sobre as anteriores. Esta visión globalizadora facilitará a súa aprendizaxe e maior aproveitamento.

O contorno socio cultural

Tendo en conta os recursos didácticos que poida ofrecer, talles como centros académicos (academias, conservatorios, escolas de música), agrupacións (bandas, orquestras, coros, rondallas, agrupacións de música tradicional e popular...), emisoras de radio e televisión, prensa, salas de concertos, etc.

2. Atención á diversidade

O tema das necesidades educativas especiais ou específicas é un ámbito difícil de abordar no ensino dos conservatorios. Debido ao carácter voluntario de este tipo ensinanzas para o alumnado e ó seu carácter orientado cara a profesionalización, a atención ao alumnado con necesidades especiais ou dificultades de aprendizaxe afróntase de un xeito distinto do ensino





obligatorio. É importante aclarar que segundo a lexislación educativa galega, cada alumno é diferente e precisa dunha atención individualizada, e por iso non podemos pretender que todos aprendan igual, polo que é necesario facer uso dunha diversificación metodolóxica. Se facemos una aproximación máis concreta ao concepto, hai alumnos que requiren unha atención máis específica ou especializada para lograr os mesmos obxectivos que os demais. Trátase de aqueles que por diferentes razóns, temporalmente ou de maneira permanente, non están en condicións de evolucionar cara á autonomía persoal e á integración social cós medios dos que dispoñemos habitualmente e que “requiren determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta “(LOE, artigo 73, sección primeira, título II).

Así mesmo a LOE no Capítulo dedicado á equidade na educación (Título II, Capítulo I, Artigo 71), refírese a este tipo de alumnado, e enuméranse unha serie de principios relacionados co tema:

1. As administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral nesta lei.
2. Correspóndelles ás administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.
3. As administracións educativas establecerán os procedementos e recursos precisos para identificar de forma temperá as necesidades educativas específicas do alumnado ao que se refire o punto anterior. A atención integral ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo iniciárase desde o mesmo momento en que esa necesidade sexa identificada e rexerese polos principios de normalización e inclusión.





4. Correspóndelles ás administracións educativas garantir a escolarización, regular e asegurar a participación dos pais ou titores nas decisións que afecten a escolarización e os procesos educativos deste alumnado.

Realizar unha clasificación das necesidades educativas especiais é moi complexo debido á amplitude do ámbito que queremos delimitar. Unha posible clasificación sería a que se centra nas causas de esas necesidades e na súa localización:

- Dificultades de aprendizaxe (dislexias, dislalias)
- Dificultades de adaptación social (debidos a inmigración, diferenzas sociais, culturais ou a problemas económicos)
- Dificultades debidas a desordes de personalidade (algún tipo de trastorno mental tratable como a esquizofrenia)
- Dificultades debidas a una deficiencia física (minusvalías físicas)
- Deficiencias debidas un déficit ou superdotación intelectual.

3. Temas transversais

Todos os temas transversais, e especialmente os de Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos, a Educación moral e cívica e a educación para a saúde (sobre todo en torno á contaminación acústica) estarán presentes ao longo do curso en todas as unidades didácticas .

3.1 Educación en valores

A través da educación transmítense os valores, grazas aos cales é posible vivir en sociedade e participar na vida democrática da mesma. A sociedade reclama da educación a preparación en hábitos de convivencia e respecto mutuo que fan posible que os nenos e nenas, así como aos mozos de ambos sexos conformen a súa propia identidade, o que lles permita construír a súa relación co medio.





A música é sen dúbida un bo instrumento educativo para alcanzar estas metas. E isto é así porque a música é a plasmación sonora dos desexos, as opinións. É a traslación ao sentido, ao vivido, a aquilo que queremos expresar. É a creatividade en grado máximo. É, sen dúbida, o desenvolvemento da linguaxe e da imaxinación. É sensibilidade.

A música é arte. Unha arte pensada para ser non só escrito senón escoitado. Os rapaces e rapazas sensibilizados coa música canalizan moitas veces as emocións a través da linguaxe sonora que lles axuda a entender o mundo e as relacións cos demais.

A educación, neste sentido, ten o deber non só de ensinar senón de producir aprendizaxe.

As composicións musicais de todas as épocas suxiren e comunican valores, desexos, emocións, beleza, preocupacións. O ensino da música é una ferramenta fundamental para a educación en valores incidindo na educación, nas relacións escolares, no papel do profesor e dos alumnos no contexto educativo, nos métodos e estilos de aprendizaxe, etc.

3.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

As TIC's poderán ser unha ferramenta moi útil na clase de análise, tanto pola cantidade de materiais existentes, canto polo interese e atracción do alumnado por estas tecnoloxías.

Poderase facer uso de medios de imaxe estática como a lousa (de xiz ou rotulador), os proxectores de diapositivas, proxeccións en Power Point, fotocopias. Será necesario un equipo de son de boa calidade. O uso do vídeo, así como do ordenador poderá resultar dunha gran utilidade.





Para a selección dos recursos didácticos teremos en conta os seguintes criterios: 1) que respondan a unha necesidade, 2) que faciliten o aprendizaxe, 3) que presenten unha información exclusiva, 4) que sexan rendibles e 5) que estimulen a creatividade.

Ao respecto do uso de móbil e/ou outros dispositivos electrónicos deberase de ter en conta o seguinte:

- 1. Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice, e sexa con fins didácticos
 - Non se permite o uso na aula ou fora dela de ningún programa ou aplicación informática que recopile ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguimento) agás CENTROSNET e TOKAPP, e a súas aplicación para dispositivos móbiles.
 - Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención nesta programación didáctica ou recopile ou faga uso de algún dato de carácter persoal ou referente ao seguimento ou avaliación do alumnado, deberase pedir autorización expresa a cada alumno ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.
 - No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.





4. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Non se contemplan actividades culturais e de promoción das ensinanzas nesta materia mais alá da escoita de música en vivo e a asistencia a concertos dentro ou fora do Centro que determine o profesor. En todo caso, adaptaranse ás instrucións das autoridades e ás directrices que o centro estableza en relación á situación da covid-19.

5. Secuenciación dos cursos 3º e 4º de Harmonía

5.1 Obxectivos

A definición dos obxectivos é o primeiro paso para o desenvolvemento dunha programación coherente. Para iso faremos unha análise comentada dos obxectivos da materia de Harmonía que dita o Currículo oficial.

No proceso de planificación do ensino da harmonía é necesario contextualizar os obxectivos xerais do grao profesional. Para iso faremos un comentario, sobre cada un deles. O ensino da harmonía no Grao Profesional terá como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as seguintes capacidades:

- Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal e as súas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

A harmonía é un proceso que foi cimentándose ao longo da historia e que vai variando conforme avanza. A formulación do coñecemento harmónico que articula o currículo organízase en base á comprensión dos procedementos de relación dos diferentes elementos que conforman o feito musical, tanto dentro dunha consideración morfolóxica, do que se produce nun mesmo instante temporal, como dentro dunha consideración





sintáctica, é dicir, a súa relación co que antecede e co que segue e a súa función dentro do contexto do que forma parte. Todo iso sen esquecer que o coñecemento detallado e profundo do sistema tonal irá permitindo, en forma progresiva, ampliar a comprensión de determinados ensinamentos como a Historia da Música, coas que a Harmonía haberá de xuntarse durante este grao profesional co fin de buscar a desexable complementariedade en canto á adquisición de coñecementos.

- Utilizar en traballos escritos os elementos e procedementos básicos da harmonía tonal.

O coñecemento dos procedementos de relación entre os elementos morfosintácticos e a súa práctica adecuada permiten a comprensión dos diferentes estilos ao longo do período tonal. Doutro lado, a realización escrita de devanditos procedementos acentúa a capacidade analítica do alumno e pon de relevo outros aspectos máis profundos do feito musical como a noción de textura.

- escoitar internamente a harmonía, tanto na análise como na realización de exemplos. O carácter abstracto da música pon de manifesto a necesidade de crear no alumno unha sistematización no seu intento de comprensión que pasa pola distinción das relacións auditivas. Como queira que, nos seus aspectos teóricos máis básicos, a harmonía é unha continuación da linguaxe musical e nel foise creando unha práctica auditiva mediante os chamados ditados musicais, o alumno de harmonía debe aprofundar nesa escoita de xeito máis global de maneira que dita escoita interna vaia aos poucos conformándose como un feito inherente á súa condición de músico.

- Tocar esquemas harmónicos básicos no piano.

O currículo de Grado Profesional contempla, para os alumnos de instrumentos non polifónicos, o estudo do piano de xeito complementario. Isto permite que o feito polifónico, inherente á harmonía, sexa comprendido por todo o alumnado mediante a execución persoal no instrumento. Con este obxectivo, ademais, ponse en práctica a base do pensamento harmónico do período tonal mediante a execución das relacións que orixinan





todo o entramado sintáctico sobre o que se constrúe o feito musical nos seus diferentes estilos.

- Identificar a través da audición os acordes e procedementos máis comúns da harmonía tonal.

A audición convértese no feito clave do fenómeno musical. A música faise para ser escoitada e esa escoita é unha actividade que se debe ir formando desde o comeza dos estudos xa sexa dun xeito consciente ou inconsciente. Co feito da identificación auditiva suscítase un obxectivo que se sustenta sobre o concepto de asimilación sonora do feito harmónico. Enténdese que a asimilación e discriminación dos procedementos máis comúns na harmonía tonal conlevan unha relación coa comprensión estilística en función da organización que os devanditos elementos realicen.

- Identificar a través da análise de obras os acordes, os procedementos máis comúns da harmonía tonal e as transformacións temáticas.

Con este obxectivo inténtase afondar no obxectivo anterior pero nun plano máis profundo. O estudante de harmonía debe ter unha visión global (sintáctica) da obra que analice. Tendo en conta que todos os alumnos de harmonía son instrumentistas, están habituados todos eles ao concepto de forma e de transformación temática. Con este obxectivo preténdese ademais realizar unha escoita consciente dos elementos que integran o feito musical e cos que os alumnos están en contacto permanente.

- Comprender a interrelación dos procesos harmónicos coa forma musical.

A harmonía pretende a comprensión da interrelación dos diferentes elementos que configuran o feito musical. Eses feitos organízanse no que chamamos forma, que non é outra cousa que a diferente forma en que teñen de ordenarse. Como queira que todo proceso estético caracterízase por unha ordenación interna específica, con este obxectivo preténdese a comprensión desa interrelación.





- Ser crítico fronte á escasa calidade harmónica que puidese presentarse tanto en músicas propias ou alleas como en harmonizacións xeradas por medios electrónicos de modo automático.

A capacidade crítica implica unha madurez que o alumno de en torno aos 14 anos debe desenvolver como parte consubstancial da súa formación. En harmonía, a abstracción que aparentemente conleva o feito musical, impón moitas veces unha complicación no desenvolvemento desa capacidade crítica, o que como superación, propón este obxectivo. Doutro lado non hai que esquecer a importancia que a pedagogía moderna outorga á capacidade de desenvolver unha autocrítica que no caso de harmonía vén dada pola posibilidade de recoñecer un mesmo os erros que se xeraron nunha incorrecta realización.

Estes obxectivos desenvolveranse por igual durante os dous cursos da especialidade.

Agrupamento dos alumnos

Como queira que a ratio está marcada polo vixente currículo en 15 alumnos por aula nas materias teórico prácticas, os niveis de heteroxeneidade, ao contrario que sucede coas clases colectivas de instrumento, nos que interveñen factores de idade, niveis técnicos etc, só veñen marcados pola disparidade de procedencia instrumental dos alumnos. É conveniente a organización de grupos heteroxéneos en función da súa pertenza a distintos instrumentos, o que pode ofrecer a oportunidade de traballar determinados contidos interdisciplinares, e poden permitir a creación de grupos de cámara determinados que interpreten as súas propias creacións harmónicas. Isto permite, ademais, adecuar a programación e a metodoloxía ás súas necesidades.

Tipos de Actividades Didácticas a desenvolver no grao Profesional

O Currículo só prescribe a materia de harmonía na súa vertente grupal o que fai que o traballo débese percibir desde unha perspectiva múltiple na que a principal actividade é a corrección por parte do profesor dos exercicios suscitados polo alumno. A continuación





abordaremos o traballo a desenvolver dos novos contidos que se pretendan consolidar. No desenvolvemento de cada Unidade Didáctica pode estar previsto alternar esta actividade central de corrección coas explicacións do profesor, o diálogo entre ambos e a realización doutras actividades complementarias como a escoita e a análise tanto auditivo como escrito.

A perspectiva múltiple antes indicada desenvólvese en tres planos:

- a) Análise técnica: Que vén marcado pola corrección de factores exclusivamente “técnicos” no referente á elaboración dos exercicios no concernente a cuestións estilísticas talles como tipos de resolucións, liñas melódicas adecuadas, cifrados adecuados, procedementos modulatorios adecuados, utilización de acordes dentro dun plano estético unitario, etc.
- b) Análise textual: tanto de tipo formal, harmónico, rítmico, melódico , etc, nos que interveñan todo tipo de elementos musicais relacionándose sempre co tipo de estética que se pretende asumir.
- c) Análise auditivo: convencións de estilo das distintas épocas e marxes de variabilidade, análise da linguaxe de cada compositor e expresividade, entendida esta como recreación da intencionalidade musical, o desenvolvemento de imaxes estéticas, e a identificación dos diferentes procedementos técnicos dentro do fenómeno de escoita musical.

Así mesmo, dado o carácter grupal das clases, pódese optar tamén por realizar interpretacións en clase dos diversos exercicios, ben polos propios alumnos, ben aínda que só sexa así, interpretándoos ao piano, audicións comentadas de discos e vídeos, debates, posta en común de traballos individuais e talleres de traballo. Pero tamén pode abordarse a preparación das actividades extraacadémicas, como a organización de audicións de obras propias ou a elaboración de particellas e materiais para orquestra, e o emprego das tecnoloxías da información dispoñibles.

Xunto ás actividades propostas polo profesor, é conveniente provocar que estas tamén xurdan da propia iniciativa do grupo. En todo caso abordarase sempre tratando de escoller aquelas tarefas que susciten dificultades á medida do grupo, mediante a adecuada





distribución de responsabilidades, ao mesmo tempo que respondan sempre a criterios creativos e motivadores.

Organización e planificación de tempos lectivos e espazos necesarios

a) Tempos lectivos.

O alumno recibe, segundo o suscitado anteriormente dúas clases de harmonía semanais de 60 minutos de duración cada unha. A distribución temporal de cada unha delas dependerá das características de cada Unidade Didáctica, pero se considera recomendable empregar os 10 ou 15 minutos iniciais para a realización de actividades que esixan maior continuidade na súa realización, como a solución de problemas, derivados do traballo dos contidos doutras UUDs, ou a práctica de exercicios técnicos específicos. A propia configuración das UUDs. Admite que algunhas delas sexan tratadas de forma paralela, combinando nunha mesma sesión distintos tipos de contidos e actividades. No entanto, convén distribuír o tempo da clase de forma ordenada, de modo que o alumno teña conciencia en cada momento de que é o que está traballando.

b) Espazos necesarios.

